



12436206117774031121

Copia

En contestación a solicitude de data 6 de febreiro de 2019, con número de rexistro 5003, sobre o Museo dos Bolechas achégolle informe do Asesor de Política Cultural.

En relación co Museo da Emigración achégolle informe do Asesor do Museo de Emigración.

Sobre traslado e reforma da biblioteca indicarlle que xa foi respostada por este presidente no pleno ordinario de 30 de novembro (achégolle novamente informe do adxunto ao Xefe de Recursos Humanos e Formación).

Sobre actuacións nos campos de Fútbol da Provincia achégolle relación das mesmas, sobre a execución do acordo da rede de albergues indicar que unha vez realizadas as consultar pertinentes, resulta que dende o INORDE estase no trámite de conveniar a creación de sinerxias de traballo conxuntas para posteriormente realizar os estudos de viabilidade que aconsellan a inclusión dos mesmos na rede.

Sobre execución do acordo de melloras de Atención Primaria na provincia deuse traslado a Administración competente.

Sobre estudo de gas radón nas instalacións da Deputación achégolle copia do informe do xefe do Gabinete de Prevención.

Sobre proxectos solicitados e en execución de Emprego Xuvenil, indicarlle que a Deputación presentou dous proxectos cofinanciados polo Fondo Social Europeo onde os beneficiarios poden ser persoas inscritas no Fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. O proxecto "EmpregOU" presentouse á convocatoria de axudas do FSE, previstas no programa operativo de emprego xuvenil (axudas AP-POEJ), destinadas á integración sostible de persoas xovenes no mercado de traballo, no contexto do SNGJ.A data de peche do proxecto é xuño de 2019, estando a día de hoxe no proxecto en execución. O Proxecto "EmprendOU-reto demográfico" presentouse a convocatoria do RD 1234/2018, a solicitude rexistrouse o 08-01-2019. A convocatoria está á espera de resolución, sendo a data máxima fixada polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública a de seis meses dende a súa presentación.

Sobre presenza en FITUR 2019 indicar que o día 24-01-2019 o Presidente da Deputación acudiu a FITUR en Madrid, dando conta desta viaxe no derradeiro pleno e estando a disposición na WEB os gastos da viaxe do Presidente. Nas presentacións realizadas no Stand de Galicia participaron tamén o Director da Área de Transparencia e Goberno Aberto, Fernando Suárez o Presidente do INORDE, Rosendo Luis Fernández e o Xerente do INORDE , Xosé Manuel Rodríguez. Achégolle resumo da presentación do proxecto.



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

Por último, en relación coa cuestión relativa a posta en marcha Museo do Viño indicarlle que esa pregunta foi formulada e respostada no pleno de xaneiro.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 6 de marzo de 2019

 O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ -Deputada provincial do Grupo PSdeG-PSOE

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.